

ANUNCIO DE LICITACIÓN

Para cumprir co artigo 161.1, en relación co artigo 126.4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase o anuncio de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato para a subministración dun tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro.

O expediente foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria do 23 de xullo de 2010.

Aplicarase o seguinte prego de cláusulas administrativas e técnicas:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR PARA O CONCELLO DE MONTERREI E O DE CUALEDRO

I.-OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante LCSP), o obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares é regular contratación da subministración dun tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro. A contratación desta subministración vén xustificada pola necesidade de contribuír á prevención dos incendios forestais e á seguridade viaria garantindo unha limpeza da matogueira nas pistas de concentración parcelaria e ao redor dos núcleos de poboación.

II.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Esta subministración contratarase mediante procedemento negociado sen publicidade (artigos 153, 157.f e 160 a 162 da LCSP) e en trámite ordinario (artigos 93 e 94 da LCSP).

III.- NATUREZA

Este contrato cualifícase como contrato administrativo de subministración, de conformidade co disposto nos artigos 5, 9 e 19.1.a da LCSP.

IV.- FINANCIAMENTO

O importe da adxudicación aboarase con cargo á subvención achegada pola Deputación Provincial de Ourense, no importe de 33.304,56 euros, o resto (34.995,44 euros) irá a cargo dos orzamentos do Concello de Monterrei e de Cualedro, ao 50%.

V.- TIPO DE LICITACIÓN

O tipo de licitación, en aplicación do disposto no artigo 75 da LCSP, integrado pola suma dos importes do valor estimado da subministración (57.881,35 €), e do IVE aplicable (10.418.65 €), importa un total de sesenta e oito mil trescentos euros (68.300,00 €).

VI.- PRAZOS E PENALIDADES

O prazo de entrega da subministración é de dous meses.

Se o adxudicatario incorrese en mora na realización da prestación contratada, o concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición

das penalidades por demora previstas na lexislación vixente, de conformidade co disposto nos artigos 196 e 197 da LCSP.

A resolución do contrato acordarase, de ser o caso, de conformidade co disposto nos artigos 195 e 206.e da LCSP, determinando a obriga do contratista de indemnizar os danos e perdas causados á Administración, de conformidade co disposto no artigo 208.4 da LCSP, indemnización que se fará efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía definitiva constituída, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista respecto do importe que exceda da garantía incautada.

Se o concello optase pola imposición de penalidades por demora e sen prexuízo da efectividade destas mediante dedución nos documentos de pagamento correspondentes ou sobre a garantía constituída, o contratista deberá indemnizar os danos e perdas irrogados á Administración como consecuencia do atraso culpable, debendo acordar a Administración a ampliación do prazo de execución, na medida que se estime necesaria para a terminación do contrato, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 98 e 99 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001, do 12 de outubro (en diante RXLCAP).

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e se este se comprometese a executar a prestación con prórroga do prazo, deberá ser acordada esta prórroga pola Administración, nos termos do artigo 197.2 da LCSP.

VII.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe garantía provisional, tendo en conta o seu carácter potestativo ao abeiro do disposto no artigo 91.1 da LCSP.

VIII.- GARANTÍA DEFINITIVA

O importe da garantía definitiva que constituirá o adxudicatario provisional, en calquera das modalidades previstas no artigo 84.1 da LCSP, será do 5% (IVE excluído) do prezo de adxudicación.

En todo caso, axustarase ao disposto nos artigos 55 e seguintes do RXLCAP, así como aos modelos que figuran nos anexos do dito regulamento.

Esta garantía constituirase no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante (<http://www.monterrei.es>), de conformidade co disposto nos artigos 87.1 e 135.4 da LCSP, procedéndose, en caso de demora imputable ao contratista, a decláralo decaído no seu dereito e á aplicación do disposto no 135.5 da LCSP

IX.- CONDICIÓN DOS LICITADORES.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica ou profesional, non se atopen incursas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 49 da LCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 43.1 e 2 da LCSP).

X.- DOCUMENTACIÓN

As proposicións serán secretas e presentaranse en dous sobres pechados ou libros separados e asinados polos licitadores ou persoa que os represente:

SOBRE NÚM. 1. Levará a mención “Documentación administrativa do procedemento

negociado para a contratación de subministración dun tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro, presentada por.....» coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e a indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior do sobre farase constar, en folio independente, o seu contido enunciado numéricamente.

O sobre deberá conter a seguinte documentación, consonte co disposto no artigo 130 da LCSP:

1. Aquela que acredite a personalidade do empresario, mediante NIF ou documento que o substitúa. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, inscrito, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Os que acudan á licitación na representación doutro, así como nos casos nos que o licitador sexa unha sociedade ou persoa xurídica, deberán achegar tamén escritura de poder para o efecto, validada polo secretario do Concello de Monterrei, e acreditar a súa personalidade mediante o NIF.

2. Acreditación da solvencia económico-financeira, mediante a presentación de informe dunha institución financeira, de conformidade co disposto no artigo 64.1.a) da LCSP.

3. Acreditación da solvencia técnica, mediante a presentación dunha relación das principais subministracións realizadas nos últimos tres anos, con indicación de importes, datas e destinatarios públicos ou privados deles, de conformidade co disposto no artigo 66.1.a) da LCSP. Así mesmo, deberá achegar un certificado de calidade e medio ambiente.

4. Xustificación de non atoparse o licitador, incurso en ningunha das prohibicións de contratar co sector público do artigo 49 da LCSP, con expresa mención de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, presentada de acordo co disposto no artigo 62 da LCSP .

5. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen derivarse deste contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

Toda a documentación achegarase en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

A documentación enumerada nos apartados 1 a 3, ambos incluídos, desta cláusula, poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Ministerio de Economía e Facenda ou dos rexistros análogos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Excma. Deputación provincial de Ourense, acompañando a dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non teñen experimentado variación ningunha. Tal declaración deberá reiterarse polo adxudicatario, no documento de formalización do contrato.

SOBRE NÚM. 2. Figurará nel a seguinte inscrición: "Proposición económica do procedemento negociado para a contratación da subministración dun tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro. Indicará, así mesmo, a empresa licitadora e incluirá a oferta económica, consonte co seguinte modelo:

Don/a ..., con domicilio en ..., NIF núm. ..., no nome propio (ou na representación de ..., segundo acredita con ...), informado/a do expediente e condicións para contratar a subministración dun tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro, comprométese á súa execución de acordo co establecido no prego de cláusulas

administrativas e de prescricións técnicas, por unha cantidade...€ (IVE, e demais tributos incluídos), correspondendo o importe neto (sen IVE) á cantidade de...€, e ao IVE aplicable a cantidade de€.

Lugar, data e sinatura.

Xunto á oferta económica presentarase unha memoria na que se describirán os seguintes elementos:

- Características técnicas do tractor.
- Prazo de garantía.
- Servizo postventa para os equipos subministrados, con especial consideración de talleres oficiais de servizo dispoñibles na provincia de Ourense e tempo de resposta para a reparación de avarías e a resolución de calquera outra incidencia que poida producirse en relación co funcionamento dos equipos.
- Servicios adicionais ofertados.

Os sobres presentarase pechados no rexistro xeral do Concello de Monterrei e poderán estar lacrados ou precintados. Poderán igualmente enviarse por correo nas condicións previstas no artigo 80.4 do RXLCAP.

A presentación das proposicións determina a aceptación incondicional polos empresarios do contido da totalidade das cláusulas deste prego e do prego de prescricións técnicas particulares, sen ningunha excepción, conforme ao artigo 129.1 da LCSP.

Este prego de cláusulas administrativas particulares forma parte do expediente de contratación que comprende ademais:

- A autorización do gasto.
- O xustificante de dispoñibilidade do crédito, debidamente intervenido.
- O prego de prescricións técnicas particulares

O expediente será aprobado polo órgano de contratación competente e comprenderá tamén a aprobación do gasto, conforme ao artigo 94.1 da LCSP, previamente á apertura do procedemento de licitación e adxudicación.

XI.- MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación estará integrada, de conformidade co disposto no apartado 10 da D.A. 2ª da LCSP, do seguinte xeito:

- Presidente: o da Corporación ou membro ou funcionario desta en quen delegue.
- Vogais: o secretario-interventor, a aparelladora municipal, o técnico local de emprego.
- Secretario: o administrativo do Concello.

XII.- INVITACIÓNS A PARTICIPAR NA LICITACIÓN, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SOLICITUDES DE INFORMACIÓN

O Concello invitará a un mínimo de tres licitadores para que formulen a correspondente oferta, sempre que isto sexa posible, de conformidade co disposto nos artigos 0162.1 da LCSP e 92 do RXLCAP.

A presentación da documentación realizarase no rexistro xeral do Concello de Monterrei en días e horas de oficina, ata as 14 horas do décimo quinto (15º) día natural seguinte ao da recepción da invitación para participar no procedemento de contratación. Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en sábado ou festivo,

entenderase prorrogado o devandito prazo ao primeiro día hábil seguinte. A documentación poderá igualmente remitirse por correo, nas condicións previstas no artigo 80.4 do RXLCAP.

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos cinco primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, canta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debendo serlles facilitada con alomenos seis días de antelación ao remate do prazo de presentación de ofertas (artigo 92.1 do RXLCAP, en relación co artigo 142.2 da LCSP)

XIII.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RGLCAP, nos termos seguintes:

O día seguinte hábil (agás sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, ou presentadas todas as ofertas dos licitadores invitados a participar, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre num. 1, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que emendar, a apertura do sobre número 2, efectuarase no mesmo día, ás 12,00 horas, no salón de plenos do Concello de Monterrei.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarllelo verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en acto público do sobre num. 2, o quinto día hábil posterior (agás sábados) ao do vencemento do prazo de presentación de proposicións, ás 12,00 horas, no salón de plenos do Concello de Monterrei.

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o secretario da mesa de contratación comunicará aos licitadores, á maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

XIV.- ASPECTOS A VALORAR, BAIXA DESPROPORCIONADA OU TEMERARIA E ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Aos efectos da adxudicación deste contrato, terase en conta os seguintes elementos:

- Mellor oferta económica: de 0 a 6 puntos.
- Características técnicas do tractor: de 0 a 4 puntos.
- Prazo de garantía: de 0 a 4 puntos.
- Servizo postventa para os equipos subministrados, con especial consideración de talleres oficiais de servizo dispoñibles na provincia de Ourense e tempo de resposta para a reparación de avarías e a resolución de calquera outra incidencia que poida producirse en relación co funcionamento dos equipos: de 0 a 4 puntos.

Para a consideración de existencia de baixa desproporcionada ou temeraria, ao abeiro do disposto no artigo 136 da LCSP, teranse en conta os criterios sinalados no artigo 85 do RXLCAP e considerando o obxecto do contrato e as circunstancias do mercado redúcense nun tercio as porcentaxes establecidas nos apartados 1 ao 4 do mencionado

artigo, de conformidade coa autorización concedida no apartado 5 deste.

Nos casos nos que existan ofertas presuntamente desproporcionadas ou temerarias os licitadores incursos nelas dispoñen dun prazo de tres (3) días hábiles, a partir da data de apertura dos sobres 2, para que, se o desexan, poidan examinar o expediente, presentar as alegacións que consideren oportunas e xustificar que as súas ofertas poden ser cumpridas nas condicións e prazos previstos, debendo presentar en tal caso compromiso de constituír ante o Concello de Monterrei garantía definitiva polo importe do 10% do gasto total autorizado (IVE excluído), xustificándose esta previsión na protección do interese público ante o risco de adxudicar o contrato a favor dunha oferta incurso inicialmente en presunción de temeridade, en aplicación do previsto no artigo 83.2 da LCSP en relación co artigo 59 do RXLCAP. Cos trámites anteriores, e se existe informe favorable dos servicios técnicos, adxudicárase o contrato provisionalmente por orde de maior baixa. Noutro caso adxudicárase provisionalmente á mellor oferta non incurso en presunción de temeridade. Os licitadores deben ter en conta que o prazo sinalado para estes trámites é automático desde a data de apertura da documentación, sen prexuízo do aviso por teléfono ou por fax, que lle formulará o Concello de Monterrei aos interesados.

Non se admitirá, á marxe do previsto neste prego, a presentación de variantes ou ofertas alternativas, debendo presentar os licitadores un único modelo da maquinaria solicitada.

XV.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación para a adxudicación provisional do contrato.

Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente, en atención aos criterios de adxudicación e formulará adxudicación provisional do contrato a favor do licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para os concellos, sen que poida declarase deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 135.1 da LCSP).

Non obstante o anterior e antes da adxudicación provisional, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á sinatura do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 139 da LCSP.

A adxudicación provisional será notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante (<http://www.monterrei.es>), podendo solicitar os licitadores a información prevista no artigo 137 da LCSP (artigo 135.3 da LCSP).

XVI.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A adxudicación provisional elevarase a definitiva no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do acordo de adxudicación provisional no perfil do contratante e no dito prazo, o licitador que resulte adxudicatario provisional deberá achegar a seguinte documentación (artigo 135.4 da LCSP):

1. Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

2. Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

3. Xustificante de estar dado de alta e o corrente de pago no Imposto de Actividades

Económicas (IAE). Xustificarse co recibo de pagamento do imposto no exercicio correspondente acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula deste, ou coa alta en facenda no período correspondente ou ben con certificado da Facenda expedido para o efecto.

4.- Xustificante de constitución da garantía definitiva.

Cando non proceda a adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, estarase ao disposto no artigo 135.5 da LCSP.

En cumprimento do disposto no artigo 137 da LCSP, a adxudicación definitiva será notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante (<http://www.monterrei.es>), podendo solicitar os licitadores a información prevista no dito precepto. Procederá así mesmo a publicación no BOP de Ourense cando o importe do contrato sexa igual ou superior a 100.000,00 €.

O contrato formalizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes ao da recepción da notificación da adxudicación definitiva de acordo co disposto no artigo 140 da LCSP e 71 do RXLCAP.

XVII.- RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 41 da LCSP, o concello poderá nomear, de entre os seus funcionarios, un responsable do contrato, con funcións de supervisión da correcta execución da prestación. As instrucións ditadas en interpretación do contrato polo dito responsable, serán vinculantes para o adxudicatario.

XVIII.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN E SUBCONTRATAÇÃO

Sen prexuízo do disposto na cláusula anterior, o contrato executarase con estrita suxeición ao disposto neste prego, no prego de prescricións técnicas particulares e nos artigos 268, 271 e 273.1 da LCSP.

Aos efectos do disposto no artigo 102 da LCSP, non se establecen condicións especiais de execución deste contrato.

O adxudicatario poderá subcontratar con terceiros a realización parcial do servizo, de conformidade co disposto no artigo 210 da LCSP.

XIX.- PAGAMENTOS E REVISIÓN DE PREZOS

Os pagamentos realizaranse en función da subministración efectivamente realizada, trala presentación das facturas correspondentes e coa conformidade da Intervención, con suxeición ao disposto nos artigos 200.4 da LCSP e concordantes do RXLCAP.

A revisión de prezos deste contrato, de resultar esta procedente segundo o disposto no artigo 77 da LCSP, realizarase mediante a aplicación do índice de prezos ao consumo (IPC) aprobado polo INE, nos termos previstos no artigo 78 da LCSP.

XX.- INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son facultades do órgano de contratación a interpretación, modificación, suspensión e resolución do contrato, de conformidade cos artigos 194 e 195, 202 e 203, 206 a 208, 272, 275 e 276 da LCSP e concordantes do RXLCAP.

XXI.- RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, LIQUIDACIÓN, PRAZO DE GARANTÍA E PENALIDADES POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA

Realizada a prestación procederá a verificar a correcta execución do contrato con presenza do contratista e dun técnico designado polo Concello de Monterrei, que actuará en representación do concello, redactándose a correspondente acta.

No suposto de que a subministración estivese executada correctamente, redactarase acta positiva tendo por recibida a prestación, comezando a computarse desde a data de redacción da dita acta o prazo de garantía, que será dun ano. O pagamento efectuarase de mutuo acordo coa empresa subministradora.

Se a subministración non se atopase en estado de ser recibida, deixarase constancia na acta dos defectos advertidos e das instrucións ditadas e do prazo concedido para a emenda daqueles. Transcorrido o dito prazo, se persisten as deficiencias, o concello poderá optar entre a resolución do contrato ou a concesión dun novo prazo de emenda con aplicación dunha penalidade polo importe do 3% do gasto autorizado, IVE excluído. Todo isto ao abeiro do disposto nos artigos 205 e 273 en relación co artigo 196.1 da LCSP.

XXII.- GASTOS

O adxudicatario quedará obrigado a pagar o importe dos gastos de publicidade da licitación ata o importe máximo de 1.500,00 € e de cantos outros gastos se deriven dos trámites de preparación, adxudicación, formalización e execución do contrato, incluídos todo xénero de tributos e prezos públicos estatais, autonómicos ou locais.

XXIII.- CÓMPUTO DE PRAZOS

Conforme co disposto na D.A. 15ª da LCSP todos os prazos que se sinalen en días enténdense naturais, a non ser que expresamente se faga constar que se trata de días hábiles.

XXIV.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

O contratista será responsable das consecuencias negativas que da execución inadecuada do contrato poidan derivarse tanto para a administración coma para terceiros, nos termos previstos nos artigos 198 e 274 da LCSP.

XXV.- NORMATIVA APLICABLE E FORO XURISDICCIONAL

En todo o non previsto neste prego, rexerá, en canto á preparación, adxudicación, efectos e extinción do contrato, o disposto na LCSP e nas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa ausencia, as normas de dereito privado (artigo 19.2 da LCSP).

As controversias que puidesen xurdir entre as partes no ámbito deste contrato, tramitaranse, de se-lo caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa (artigo 21.1 da LCSP).

XXVI.- EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O expediente de contratación, no que se integra este prego, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do día 23 de xullo de 2010 e queda depositado na Secretaría do Concello de Monterrei para que, durante o prazo de presentación de documentación e proposicións, os licitadores e demais interesados, poidan examinalo e formular, no seu caso, as observacións e reclamacións que estimen oportunas. A presentación de reclamacións non producirá, per se, efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.

Monterrei, 23 de xullo de 2010.

O alcalde,

José Luis Suárez Conde

Dilixencia: examinado este prego de condicións, estímase conforme a dereito.
Monterrei, 23 de xullo de 2010.
O secretario-interventor,

Paulino Fernández Salgado

PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR PARA O CONCELLO DE MONTERREI E O DE CUALEDRO

I.- Obxecto do contrato

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 74 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante LCSP), o obxecto deste prego de prescricións técnicas é definir as características técnicas que debe reunir o tractor para o Concello de Monterrei e o Concello de Cualedro.

II.- Xustificación do contrato

A contratación desta subministración vén xustificada pola necesidade de contribuír á prevención dos incendios forestais e á seguridade viaria garantindo unha limpeza da matogueira nas pistas de concentración parcelaria e ao redor dos núcleos de poboación.

III.- Datos Técnicos

- Motor diesel
- 4 x 4
- Potencia mínima a réxime nominal de 120 CV segundo a Norma 97/68 EC
- Par mínimo 500 Nm
- Transmisión 24/24 con inversor electro-hidráulico
- Transmisión con blocaxe electro-hidráulico do diferencial
- EixE dianteiro con bloqueo automático do diferencial
- Toma de forza hidráulica con embrague independente refrixerado por aceite
- Revolucións de toma de forza 540-540E-1000
- Frenos hidráulicos de disco en baño de aceite
- Freno de estacionamento a transmisión
- Bomba hidráulica de cando menos 80 litros
- Aire acondicionado ou climatizador
- Asiento do condutor con suspensión neumática e cinto de seguridade
- Asiento acompañante normal e con cinto de seguridade
- Cabina abatible
- Dous faros de traballo dianteiros adicionais
- Faros de traballo traseiros

- Chasis ríxido
- Dous calzos
- Caixa de ferramentas
- Rotativos sobre a cabina
- Matriculado e legalizado, incluída ITV
- Garantía mínima dun (1) ano

IV.- Orzamento da contratación.

O tipo de licitación, en aplicación do disposto no artigo 75 da LCSP, integrado pola suma dos importes do valor estimado da subministración (57.881,35 €), e do IVE aplicable (10.418.65 €), importa un total de sesenta e oito mil trescentos euros (68.300,00 €).

Monterrei, 23 de xullo de 2010
O alcalde,

José Luis Suárez Conde